

PROCEDIMIENTO DE INSCRICIÓN NOS CURSOS DE VERÁN MUNICIPAIS DE SURF 2026

O Servizo Municipal de Deportes presenta os Cursos De Verán Municipais de Surf 2026, co fin de promover hábitos de vida saudables na poboación infantil do Concello de Arteixo. Ofértanse 360 prazas nos 20 cursos semanais de dez horas de duración, tendo preferencias as persoas empoadas en Arteixo.

Os cursos teñen coma obxectivo principal a aprendizaxe das habilidades relacionadas cas distintas modalidades de surfing de forma lúdica, dando prioridade á diversión fronte a obxectivos técnicos. Traballaranse contidos de seguridade na auga, circulación na auga, técnica de remada básica, técnicas básicas de toma de ola, cálculo espazo tempo, técnica take off, posición base, xiros e traxectorias....

Procedemento de inscrición: o procedemento de inscrición será o seguinte, tendo en conta o contemplado no Regulamento de instalacións deportivas municipais e escolas deportivas municipais, aprobado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 30 de abril de 2015 e publicado no BOP número 213 do 6 de novembro de 2015

- Prazo de preinscrición:** Do 27 de abril ao 6 de maio. O impreso de preinscrición poderase recoller de xeito presencial no Servizo Municipal de Deportes ou a través do correo electrónico deportes@arteixo.org. Do mesmo xeito poderá descargalo na páxina web municipal www.arteixo.org. Deberase entregar nas oficinas do Servizo Municipal de Deportes, en horario de atención ao público (de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas). Asimesmo poderase enviar á dirección deportes@arteixo.org.
- Exposición de persoas preinscritas:** A partir do 8 de maio na páxina web municipal.
- Prazo subsanación erros:** 11-14 de maio
- Publicación listaxe definitiva de persoas preinscritas:** 15 de maio na páxina web municipal.
- No caso que o número de solicitudes supere ao das prazas ofertadas, terá lugar un sorteo público procedéndose á asignación de prazas a partir da primeira letra do primeiro apelido, tendo preferencia as persoas empadroadas no Concello de Arteixo.
- Sorteo público:** 18 de maio ás 11:00 h no Pazo dos Deportes
- Exposición da listaxe de persoas admitidas:** A partir do 19 de maio na páxina web municipal
- Prazo de matrícula:** Do 20 ao 27 de maio. É obrigatorio entregar o xustificante de pagamento, exclusivamente no Servizo Municipal de Deportes ou na dirección deportes@arteixo.org. No caso contrario, procederase á anulación da praza.
- De quedaren prazas libres, seguirán facéndose inscricións directas a partir do 8 de xuño.
- Pódese efectuar o pago do prezo público nas entidades bancarias habituais ou a través da Oficina Virtual Tributaria do Concello de Arteixo (<https://ovtarteixo.dacoruna.gal/ga/150058/AARTEIXO/pagar>).

FASE	Prazo	Lugar	Horario
Solicitud prazas (preinscrición)	27 abril – 6 de maio	No Servizo Municipal de Deportes ou no mail deportes@arteixo.org .	09.00 – 14.00 h
Exposición de persoas preinscritas	8 de maio	www.arteixo.org	
Prazo subsanación erros	11-14 de maio	No Servizo Municipal de Deportes ou no mail deportes@arteixo.org .	
Publicación listaxe definitiva de persoas preinscritas	15 de maio	www.arteixo.org	
Sorteo	18 de maio	Pazo dos Deportes	11.00 h
Exposición listaxe de persoas admitidas	19 de maio	www.arteixo.org	
Matrícula	20 – 27 de maio	No Servizo Municipal de Deportes ou no mail deportes@arteixo.org .	09.00 – 14.00 h
Inscrición libre	A partir do 8 de xuño	No Servizo Municipal de Deportes ou no mail deportes@arteixo.org .	09.00 – 14.00 h

Relación de cursos ofertados

CURSOS VERÁN DE SURF	DÍAS	HORARIO	DATAS	PRAZAS
Grupo 1	L - V	10.00 - 12.00 h	22-26 xuño	18
Grupo 2	L - V	16.30 - 18.30 h	22-26 xuño	18
Grupo 3	L - V	10.00 - 12.00 h	29 xuño-3 xullo	18
Grupo 4	L - V	16.30 - 18.30 h	29 xuño-3 xullo	18
Grupo 5	L - V	10.00 - 12.00 h	6-10 xullo	18
Grupo 6	L - V	16.30 - 18.30 h	6-10 xullo	18
Grupo 7	L - V	10.00 - 12.00 h	13-17 xullo	18
Grupo 8	L - V	16.30 - 18.30 h	13-17 xullo	18
Grupo 9	L - V	10.00 - 12.00 h	20-24 xullo	18
Grupo 10	L - V	16.30 - 18.30 h	20-24 xullo	18
Grupo 11	L - V	10.00 - 12.00 h	27-31 xullo	18
Grupo 12	L - V	16.30 - 18.30 h	27-31 xullo	18
Grupo 13	L - V	10.00 - 12.00 h	3-7 agosto	18
Grupo 14	L - V	16.30 - 18.30 h	3-7 agosto	18
Grupo 15	L - V	10.00 - 12.00 h	10-14 agosto	18
Grupo 16	L - V	16.30 - 18.30 h	10-14 agosto	18
Grupo 17	L - V	10.00 - 12.00 h	17-21 agosto	18
Grupo 18	L - V	16.30 - 18.30 h	17-21 agosto	18
Grupo 19	L - V	10.00 - 12.00 h	24-28 agosto	18
Grupo 20	L - V	16.30 - 18.30 h	24-28 agosto	18

Prezo Público: 10 € por curso, incluíndo seguros e material deportivo (tabla, traxe e licra)

NORMAS DE FUNCIONAMENTO

- Idades ás que se dirixen os cursos: Persoas nadas entre os anos 2011 e 2019
- É imprescindible saber nadar
- Teñen preferencia as persoas que están empadroadas no Concello de Arteixo, existindo un número limitado de prazas para cada actividade, así como un número mínimo de prazas a cubrir para que a actividade se leve a cabo.
- O Servizo Municipal de Deportes resérvase o dereito de efectuar as modificacións nas ubicacións, horarios, profesorado, etc., que considere necesarias.
- No caso de que o Servizo Municipal de Deportes detecte falsidade nos datos o alumno causará baixa inmediata, sen dereito á devolución do importe abonado.
- As persoas que asinan a folia de inscrición fan constar que non padecen ningunha enfermidade que o incapacite para a práctica deportiva, tendo feito o oportuno recoñecemento médico.
- De conformidade co disposto na normativa vixente de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de Arteixo, para a xestión de servizos. En calquera momento poderá exercer, en relación cos seus datos persoais, os dereitos de acceso, cancelación e rectificación e oposición comunicándoo por escrito no Rexistro Xeral do Concello.
- Cada persoa poderá solicitar a preinscrición e matricularse nun máximo de 2 cursos. De quedaren prazas vacantes, poderá inscribirse libremente a partir do 8 de xuño ata un máximo de 4 cursos.